

O QUE PASABA EN 1987

NO MUNDO:




Estados Unidos e a URSS firman o primeiro acordo para reducir o seu armamento nuclear.


Margaret Thatcher consegue o terceiro mandato consecutivo en Gran Bretaña.

Un mozo piloto alemán burla os sistemas de defensa soviéticos e logra aterrizar cunha avioneta na Praza Vermella de Moscú.

Corea do Sur democratízase tras un levantamento popular.



EN GALICIA:



IV encontro de escritores (GALEUZCA) (Valencia).

Galicia vive importantes mobilizacións no ensino universitario e secundario, na defensa do idioma e contra a cota do leite.

Encontro sobre culturas minoritarias (Compostela). Créase a Xove Orquestra de Galicia.

Creación do premio de teatro Álvaro Cunqueiro.

Morren o escritor, político e empresario Valentín Paz Andrade e Delgado Gurriarán e o cantante José Afonso.

C. Davies escritora EEUU publica: Rosalía no seu tempo.

X. Villaverde estrea a curtametraxe "Golpe de látigo" e J.L. Cuerda a longametraxe "O bosque animado".

A Coruña desperta cunha insólita nevada.

O día das letras é adicado a Francisca Herrera Garrido.

EN ESPAÑA:



O atentado de Hipercor, en Barcelona, convértese no primeiro que realiza ETA contra a poboación civil.


España non prorroga o convenio con Estados Unidos e esixe que desmantele as súas bases aéreas.

O soviético Gari Kasparov, campión mundial de xadrez en Sevilla.


A reconversión industrial orixina numerosos disturbios.

A Academia de Cine española celebra a primeira edición dos Premios Goya.

Prodúcese en toda España violentas manifestacións de estudantes que protestan pola subida das taxas.



EN ELVIÑA:



Curso 87-88

Nova Xunta Directiva;
Director: Fermín Álvarez Lata,
Vicedirectora: Celsa Formoso Martínez, Xefe de Estudos Jesús Expósito García, Secretario: José Reimúndez e Vicesecretario: José María Peteiro Cartelle.

Realízase a 1ª festa de despedida de COU. Cada Grupo fai a súa foto que permanece nos corredores do Instituto.

No Día das Letras Galegas realízase por primeira vez un concurso artístico-literario Elviña. Poesía, prosa, expresión plástica (debuxo, pintura, colage), cómics en negro ou cor, fotografía (paisaxes e construcións típicas de Galicia) son os apartados que entran neste certame. Participan o IB Elviña, Colexio Público Alborada e as AAVV "A Granxa" e "Os Anxos". Este Concurso continuará todos os anos a partir de agora.

Alumnos do Centro forman a Tuna, que participa non só en actos internos senon tamén fóra do Centro.

Morre o compañeiro Gabino Fernández.

